



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

BASES QUE REXERAN O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN /HA ADMINISTRATIVO/A.-

1.- Obxecto da convocatoria e xustificación: O obxecto da presente convocatoria é o nomeamento como funcionario/a interino/a de: 1 Administrativo/a.-

Na actualidade existe unha praza vacante correspondente a un/a funcionario/a de carreira, administrativo de administración xeral. A cobertura desta praza de xeito interino considérase urxente e inaplazable en función das necesidades de persoal e aos moitos cometidos que se poden cubrir coa mesma e tamén en función dos departamentos aos que se pode adscribir, dadas as carencias de persoal que se teñen detectado. Para o exercicio das funcións e competencias en términos razoables e tamén en atención aos recursos dispoñibles, resulta imprescindible a cobertura desta praza. Non se trata de incrementar persoal, xa que existe praza vacante, pero sí de prestar os servizos ao cidadán da maneira máis efectiva da que o concello é capaz. Desta maneira, danse as dúas características exixidas para a cobertura: tanto a consideración de urxente e inaplazable como a de esencialidade do servizo.

2.- Período e modalidade de adscripción: Funcionario interino ao abeiro do especificado no artigo 10 a) do Estatuto Básico do Empregado Público. Lei 7/2007 do 12 de abril.

3.- Sistema de provisión: Concurso.- Oposición

4.- Retribucións: Básicas correspondentes ao Grupo C1. Complementarias seguintes: Complemento de destino: Nivel 21. Complemento específico 8.724,38 € anuais.

5.- Requisitos dos aspirantes:

- a) Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- c) Posuí-la titulación seguinte: Bacharel ou equivalente.
- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.
- e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- g) Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 4 ou equivalente.

Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de nomeamento.

6.- Presentación de solicitudes: As solicitudes, ás que se achegará a documentación xustificativa dos méritos que se valoran na convocatoria, así como a titulación correspondente á lingua galega, de selo caso, e nas que se declarará o cumprimento das condicións establecidas, será dirixida ao Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días naturais, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria nun xornal de probada difusión.

7.- Tribunal: Estará formado por:

Presidente: J. Gerardo Pais Antiquera

Secretario/a: Felipe Vázquez García

Vogais:


Ana Caaveiro Franco

Mercedes Torres de la Fuente

J. Antonio García Roca

8.- Criterios a valorar no proceso selectivo:

8.1.- Fase de concurso:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

Baremos aplicables :

1) Titulacións superiores á requerida como acceso á praza (Máximo 1 ptos):

- a) Grao universitario ou equivalente: 1 pto**
- b) Diplomatura ou equivalente: 0,50 ptos.**

2) Cursos de formación recoñecidos pola Administración pública, en materia administrativa ou de xestión (Máximo 4 ptos) :

- Ata 50 horas: 0,2 ptos.
- De 51 a 100 horas: 0,4 ptos.
- De 101 a 150 horas: 0,6 ptos.
- De 151 a 200 horas: 0,8 ptos.
- Más de 200: 1 pto.

3) Experiencia profesional (Máximo 8 ptos)

Servizos prestados en prazas de xestión administrativa ou equivalente, en postos que requiriran como mínimo a titulación esixida na convocatoria:

- 3.1) Outorgarase unha puntuación de 0,15 ptos por mes completo efectivo de servizos no concello das Pontes, cun máximo de 7 ptos..
- 3.2) Outorgarase unha puntuación de 0,10 ptos por mes completo efectivo de servizos noutras Administracións públicas, ata un máximo de 4 ptos..
- 3.3) Outorgarase unha puntuación de 0,045 ptos por mes efectivo de servizos na empresa privada, cun máximo de 2 ptos.

8.2.- Fase de oposición:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na páxina web do concello, así como no taboleiro de edictos, polo que os aspirantes non serán citados expresamente para a súa realización.

Consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

Primeiro exercicio:

Consistente en responder, no período máximo dunha hora, a corenta (40) preguntas tipo test sobre a materia dos temas do programa Anexo.


A resposta a cada unha das preguntas do test será seleccionada de entre tres posibles alternativas, sendo só válida unha das mesmas.

Para obter a puntuación do opositor nesta proba asignarase 0,5 ptos por cada resposta correcta e restarase 0,2 por cada resposta incorrecta. Puntuación máxima: 20 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 10 puntos.

Segundo exercicio

Consistirá en realizar por escrito un ou varios supostos prácticos propostos polo Tribunal sobre a materia dos temas do programa Anexo. Tempo máximo de realización: 45 minutos. Puntuación máxima: 10 ptos, sendo eliminados os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos.

A puntuación final virá determinada do seguinte xeito: Realizarase a suma dos exercicios descritos, que fai un total máximo de 30 puntos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

8.3.- Coñecemento do galego:

Os aspirantes que non acrediten o coñecemento do galego serán obxecto dunha proba específica de tradución directa ou inversa dun texto, que se cualificará como de Apto ou Non apto. A duración da proba non será superior a quince minutos. Serán eliminados os aspirantes que non acaden a puntuación de Apto.

8.4.- Puntuación final:

Virá determinada pola suma da fase de concurso e máis a de oposición, entre os aspirantes que teñan superado ésta, así como a proba de coñecemento do galego. De existir empate entre os aspirantes, éste dirimiráse mediante a ponderación seguinte:

- 1- Maior puntuación na fase de oposición.
- 2- Maior puntuación na fase de concurso
- 3- Maior puntuación no exercicio 1 da fase de oposición
- 4- Maior puntuación no exercicio 2 da fase de oposición

Utilizaranse os criterios 2,3,4 , sucesiva e exclusivamente, de persistir o empate utilizando o criterio 1.

9.- Proposta de nomeamento e Lista de espera: Co aspirante que obteña a maior puntuación o Tribunal declararao aprobado/a e fará proposta de nomeamento á Alcaldía-Presidencia, como funcionario interino, Administrativo de Administración Xeral.

Elaborarase tamén, de consideralo así o Tribunal, unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que non acaden suficiente puntuación para seren propostos para o nomeamento (non sean declarados aprobados) e teñan superada a fase de oposición. Esta lista de espera poderá ser tida en conta en caso de baixa ou vacante do aspirante proposto.-

10.- Presentación da documentación.- O aspirante seleccionado deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base Quinta, no prazo de tres días naturais, a contar desde a publicación da lista coa puntuación final.

Cumprido-los anteriores requisitos, pola Alcaldía procederase ao nomeamento e posterior toma de posesión como funcionario/a interino/a.

ANEXO

Temario para os exercicios da fase de oposición .

Tema 1.-A Constitución española de 1978. Principios xerais. Estrutura e contido.

Tema 2.-A Administración central do Estado. O Consello de Ministros. O presidente do Goberno. Os ministros. Os secretarios de Estado. Os subsecretarios e demais órganos administrativos.

Tema 3.-A Administración periférica do Estado. Os delegados do goberno e os subdelegados do goberno. Outros órganos periféricos.


Tema 4.-A organización territorial do Estado na Constitución. Comunidades autónomas.

Tema 5.-A Coroa. O poder lexislativo.

Tema 6.-O poder xudicial.

Tema 7.-Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 8.-A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

Tema 9.-O administrado. Colaboración e participación dos cidadáns nas funcións administrativas.

Tema 10.-O acto administrativo. Principios xerais do procedemento administrativo.

Tema 11.-O dominio público. O patrimonio privado da Administración.

Tema 12.-A Comunidade Autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía. As competencias da Comunidade. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente.

Tema 13.-Os bens das entidades locais. Réxime xurídico de utilización dos bens de dominio público.

Tema 14.-O servizo público na esfera local. Modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.

Tema 15.-A Lei de contratos da administración pública. Disposicións xerais: ámbito de aplicación, requisitos para contratar coa Administración: clasificación e rexistro de empresas.

Tema 16.-Os procedementos e as formas de contratación. Normas xerais de procedemento aberto e negociado.

Tema 17.-O contrato de obras. Disposicións xerais. Execución e modificación do contrato de obras. A extinción do contrato. Execución de obras pola propia Administración.

Tema 18.-As facendas locais en España. Principios constitucionais. Lei de facendas locais.

Tema 19.-Imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras.

Tema 20.- A administración local. Concepto e desenvolvemento normativo no marco da Unión Europea.

Tema 21.- O municipio. A provincia . Desenvolvemento xurídico-normativo

Tema 22.- Entidades locais supra e infra municipais. Desenvolvemento xurídico- normativo

Tema 23.- O Estatuto Básico do empregado público. Aplicación á administración local

Tema 24.- A Lei de protección de datos de carácter persoal.

Tema 25.- Conceptos básicos de informática: programas e linguaxes informáticas de uso habitual.

Tema 26.- O arquivo. Concepto e clases.

Tema 27.- O expediente administrativo. Concepto e clases

Tema 28.- Nóminas e Seguridade Social. Xestión de nóminas, altas e baixas. Confección de Nóminas e incidencias.

Tema 29.- A prevención de riscos laborais.Desenvolvemento normativo e aplicación na Administración.

Tema 30.- Recursos humanos. Xestión e desenvolvemento na administración local.

As Pontes de García Rodríguez